EXPEDIENTE 2025/G010/000016. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2025 PARA DAR CUMPRIMENTO A SENTENZA 00127/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE A CORUÑA.

ACTA Nº 2025/17

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 27 de novembro de 2025

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 21.24 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2023/G010/000008. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 20 de setembro de 2023. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2023/G010/000009. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 19 de outubro de 2023. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2023/G006/000259. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027. Dereitos económicos das persoas integrantes da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 EXPEDIENTE 2023/G016/000001. Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal. Modificación do artigo 28 (tarifas para o ano 2024). Aprobación inicial.

II PARTE DE CONTROL

5 Mocións

5.1. Moción do grupo municipal do BNG para a Reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de Impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

5.2. Moción do grupo municipal do BNG para a limpeza e acondicionamento do campo de fútbol de Prevediños.

O Sr. alcalde di que esta sesión foi convocada para dar cumprimento a sentenza 00127/2025 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de A Coruña en relación coa miña expulsión do Pleno do 9 de novembro de 2023, sentencia pola que se anulou a expulsión e os acordos adoptados aquel día como consecuencia diso. Por iso a convocatoria inclúe os mesmos puntos da orde do día cos que figuraban naquel pleno.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2023/G010/000008. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 20 DE SETEMBRO DE 2023. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

20.09.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 20 de setembro de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2023/G010/000009. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE OUTUBRO DE 2023. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

19.10.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 20 de setembro de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2023/G006/000259. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027. Dereitos económicos das persoas integrantes

O Sr. alcalde di que a Sentencia obriga a repetir o Pleno porque se me había impedido participar, privándome do dereito de representación para participar nos asuntos da orde do día, polo que traemos a mesma proposta que se trouxo aquel día, resumindo a seguinte proposta que consta no expediente:

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa que se aplica.

Tense en consideración a seguinte normativa:

- *Artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985*
- *Artigos 75, 75.bis e 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.*
- *Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (LXSS)*
- *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LI)*
- *Bases de execución do Orzamento municipal da Entidade Local Concello de Touro (orzamento 2022 prorrogado)*

A normativa establece que as percepcións económicas dos cargos electos das Corporacións Locais como representantes comprenden os seguintes conceptos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- ☐ *Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de adicación exclusiva.*
- ☐ *Retribucións salariais cando desempeñan o seu cargo en réxime de adicación parcial.*
- ☐ *Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.*
- ☐ *Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.*

SEGUNDO. Dereitos económicos incluídos no Estatuto dos cargos electos. *De acordo co artigo 75 da LRBRL e o artigo 136.2 da LXSS, os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con* ***adicación exclusiva****, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda (coas excepcións que establece a propia norma). No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*

Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con ***adicación parcial*** *por realizar funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de adicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda (coas excepcións que a propia norma establece). Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta adicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da adicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.*

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa adicación parcial a súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do mesmo artigo.

Só os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin adicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

Os límites en contías e números de adicacións, o artigo 75.bis.1 da LRBRL dispón que os membros das Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior. Os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a seguinte táboa:

Habitantes	***Referencia***
1.000 a 5.000	*Secretario de Estado -60%*

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O artigo 75.bis da LRBRL conforme á actualización establecida na Disposición Adicional 27ª da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e considerando o disposto no seu artigo 21 establece a táboa actualizada que recolle o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación:

Habitantes	***Referencia - Euros***
1.000 a 5.000	*46.464,02*

O artigo 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL- regula a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con adicación exclusiva establecendo que a prestación de servizos nos Concellos en réxime de adicación exclusiva por parte dos seus membros deberá axustarse en todo caso aos seguintes límites:

(...)

d) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de adicación exclusiva non excederá de tres.

(…)

Non se establecen límites ao número de adicacións parciais non podendo superar a súa contía o 75 % da cantidade establecida como máxima a percibir na adicación exclusiva segundo o tramo poboacional.

TERCEIRO. Procedemento de aprobación. *O establecemento de réxime de adicación parcial require de existencia de consignación orzamentaria para atender as adicacións dos membros electivos da Corporación.*

O pleno, a proposta do presidente, determinará dentro da devandita consignación, a relación de cargos da Corporación que se desenvolven en réxime de adicación e as contías das retribucións de cada un deles.

Corresponde ao presidente da Corporación o nomeamento dos membros electivos que han de desempeñar tales cargos. Pois aos alcaldes atribúeselles a potestade de nomeamento de tenentes de alcalde e de delegación de funcións nestes e nos concelleiros (artigo 23.4 da LRBRL).

O nomeamento para o cargo debe ser expresamente aceptado.

O desempeño en réxime de adicación exclusiva non supón vinculación coa administración de carácter laboral nin estatutario nin funcionarial.

En canto á potestade de nomeamento ata os límites establecidos pola LRSAL non existía precepto legal algún que restrinxise o seu número.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar unha retribución por adicación parcial para o cargo electo:

CARGO	***RETRIBUCIÓNS ANUAIS***	
Alcaldía	*Partida:*	*912.100.00*
	Salario:	*25.920,00*
	Pagas extras:	*4.320,00*
	Retribucións totais anuais:	*30.240,00 €*
	Seguridade Social empresa:	*9.948,96 €*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Custe total:	*40.188,96 €*

Esta retribución actualizarase anualmente conforme as cantidades que en concepto de réxime retributivo dos membros das corporacións locais estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

Este acordo terá efectos dende o 17.06.2023.

O réxime de adicación mínima que se establece para percibir a retribución é de 30 horas semanais.

***SEGUNDO.** Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social a alta do cargo que pasa a desenvolver o seu cargo en réxime de adicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impón ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.*

***TERCEIRO.-** Notificar este acordo aos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais e a todos os concelleiros, facendo constar á persoa integrante da Corporación designada para desenvolver o cargo ao que se lle recoñece a adicación parcial que terá que aceptarse no prazo de 3 días dende a súa notificación.*

***CUARTO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios deste Concello, dando traslado do mesmo á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.*

Continúa o Sr. alcalde dicindo que a Sentencia anula por incumprimento das normas o que é grave, pero para min é máis grave o obxectivo da expulsión, polo que o que se pretendía era provocar un empate na votación e decidir a mesma co voto de calidade do alcalde, que xa viña precedido dunha reorganización da colocación dos Concelleiros no salón de plenos, pensamos tamén que coa única finalidade de provocar unha discusión que foi o que ao final pasou. Penso que non deberiamos desvirtuar o acordo do Pleno no sentido de que os concelleiros que participaron na sesión manteñan o seu voto por coherencia, e a única diferencia é que se me permite a min participar no Pleno e poder votar eu, o meu sentido do voto é coñecido que ía ser loxicamente contrario, porque xa se había traído a tres plenos anteriores a mesma proposta, incluso e nos había impedido presentar emendas, e a consecuencia lóxica era que votásemos en contra desa proposta.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro Rocamonde di que acatamos a Sentencia pero non a compartimos. A Sentencia dálle a razón ao Sr. alcalde agora, Sr. Reboredo, unha razón coxa e pobre, no sentido en que impediu que se apelase esa Sentencia, co cal se estaba plenamente seguro da razón e dos argumentos, deixaría que esa razón de ser o caso fose plena no senso de que fose confirmada pola instancia superior. Cando revocou o decreto de apelación asinado por min firmado sendo eu alcalde, que vostede cun decreto posterior revogou, renunciando á apelación, de aí entendemos que é un razón coxa.

Non hai moito que afondar no motivo da expulsión, vostede xustifícao nesta proposta, non é o caso, esta proposta ía a ese pleno como foi aos anteriores e continuaríase traendo aos seguinte de ser o caso, o que si pon de manifesto o de traer a proposta económica en plenos continuados dende o mes de xullo ata outubro, porque tiñan unha estratexia clara de querer tumbar a este alcalde pola vía económica de que non percibise un salario, creo que isto non se lle escapa a ninguén. A Sentencia está aí e hai que acatala.

A proposta económica que eu presentei nese momento, son unhas retribucións brutas de 2.160,00 euros distribuídos en catorce pagas cunha adicación parcial mínima de 30 horas semanais. Este pleno acordou pasadas sesións por unanimidade e aprobou unha retribución para o alcalde/sa substituto/a por adicación mínima de 25 horas por importe de 2.200,00 euros brutos; co cal á vista está ue a proposta retributiva que se somete a votación incluso inferior á que hai aprobada por este pleno por unanimidade para o alcalde/sa substituto/a; igual que fixemos naquel pleno solicitamos o voto favorable.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao di que é bastante triste ter que voltar aquí por unha sentenza xudicial, dun pleno que non tiña que volver a celebrarse se daquela non se actuase da forma na que actuou a persoa que naquel intre era alcalde.

Primeiro nadie puxo en tela de xuízo que o alcalde tiña que cobrar, si a contía, na que o BNG non estaba de acordo nin co proceder, no pleno de setembro pedín que se votaran por separados os

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

puntos e non se nos deixou, se quería cobrar dúas veces o salario mínimo e adicación parcial nada que obxectar pero cobrar en función das horas de adicación e propoñiamos unha salario de 23.000,00 euros en números redondos. No pleno de outubro quixemos presentar unha emenda coa proposta mencionada de 23.000,00 euros e non se nos deixou e o BNG pediu ese día un informe de secretaría e dixo que tiña que estudialo, pedino formalmente e nunca se fixo, polo que non podiamos nada máis que acatar a proposta pechada e loxicamente votamos en contra. Volveu ao famoso pleno de novembro onde pasou o que pasou, era evidente que se unha persoa que ía votar en contra foi expulsada o acordo saia adiante, cada quen que valore as intencións coa que se fixo. Nós seguimos mantendo a proposta que fixemos sempre, non sei podo facer aquí de voz, e se pode chegar a un acordo. Imos votar que non a proposta todo o demais sería un esperpento.

O Sr. alcalde di que a intención do grupo Popular nese momento era impedir que exercese de alcalde pola vía de tirarlle o soldo, falso, nos presentamos no seu momento dúas emendas por escrito, quero tamén deixar claro, nadie nos obriga a participar en política e polo tanto tampouco é obrigatorio cobrar un soldo, nos estivemos de acordo que o alcalde tiña que ter un soldo, discutimos a contía, o alcalde naquel momento negouse rotundamente a negociar, gustaríame que nos explique porque separou ao Grupo Municipal do PP na colocación do salón de plenos cando anteriormente estivemos todos os grupos sentados sen ningún problema, interpreteino como unha provocación que antes ou despois ía pasar, quería impoñer o seu criterio por enriba de todo, incluída unha medida tan arbitaria de abuso de poder como foi a expulsión, de aí a claridade e rotundidade da Sentenza.

Di vostede que cando tomamos posesión anulamos aquel decreto de recurso, é de pura lóxica se nos presentamos o recurso e nos deu a razón o contencioso que nos mesmos a recurriramos. Tamén ten que explicar porque ese decreto o ditou o día 11 de agosto, cando tiñamos coñecemento dende finais de xullo. Vostede quixo impoñer unha ditadura impedíndonos falar, presentar emendas, unha forma de facer política fora dos tempos que corren. Ten que asumir as consecuencias dos seus actos que levaron a esto. Executarase o acordo que se adopte.

O Voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Castro Rocamonde di que lle quedou moi claro que envólvese para tratar de xustificar o inxustificable, pero a realidade é a que é. Respecto das emendas é curioso, cal era a súa finalidade, cando o que se votou era o salario do alcalde titular, non contemplaba a do alcalde substituto as anteriores proposta si o contemplaban que era a mesma que agora está aprobada por unanimidade, nunca cuestionaron as retribucións do alcalde substituto, na que a proposta de salario do alcalde era inferior sempre as retribucións do alcalde substituto, está aí e a evidencia queda perfectamente retratada.

O Sr. alcalde, di que se toda a argumentación que ten vostede é do alcalde substituto que veñen sendo as mesmas nos últimos dez ou quince anos, esa comparación que quere facer vostede a súa adicación estaba baseada nunha adicación parcial e a do alcalde substituto non.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que o problema non está na retribución do alcalde substituto, ademais o xuízo vai a custarlle ao Concello setecentos euros de costas.

O sr. alcalde di que se vai a someter a votación a proposta que se presentou aquel día, como naquel pleno non se permitiron emendas, ímonos ceñir ao que se presentou naquel Pleno**.**

VOTACIÓNS:

Votos a favor: cinco Concelleiros (3 de pMVdeT, 1 de PG e o Concelleiro non adscrito)

Votos en contra; seis Concelleiros (5 de PP e 1 de BNG)

Abstencións: ningunha (0 votos)

Polo que resulta rexeitada a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 EXPEDIENTE 2023/G016/000001. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL. MODIFICACIÓN DO ARTIGO 28 (TARIFAS PARA O ANO 2024). APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES

23.12.2022. Aprobación polo Pleno do Concello da Modificación da Ordenanza taxa abastecemento auga municipal.

30.10.2023. Providencia da Alcaldía de incoación do expediente para a aprobación inicial da ordenanza.

02.11.2023. Dictame favorable da Comisión informativa de facenda e especial de contas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (artigo 123 e concordantes).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

SEGUNDA. PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.

As ordenanzas fiscais teñen o obxectivo de regular a imposición e ordenación dos tributos municipais; acordar a imposición, modificación ou supresión dos tributos propios é unha competencia municipal (artigo 15 do TRLRFL)

Na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este concello a potestade regulamentaria e de auto organización así como a modificación das ordenanzas reguladoras.

A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 17 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que as ordenanzas fiscais se refire.

Para a modificación das ordenanzas terán que observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación (artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril).

O acordo de aprobación inicial e, no seu caso, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza corresponde ao pleno do Concello, sen quórum especial (artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 47 da mesma norma); e artigo 107.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo.

TERCEIRA. REFERENCIA AO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "planificación normativa" e "participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, para a aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA.

A aprobación ou modificación dunha ordenanza non entrará en vigor ata que se publique

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma).

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

QUINTA. CONTIDO MATERIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA PROPOSTA.

Ten por obxecto adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2021/decembro-2022, que ascende segundo o INE ao 5,70 por cento.

Proponse modificar o artigo 28 da ordenanza reguladora para adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2021/decembro-2022, que ascende segundo o INE ao 5,70%.

Propóñense as seguintes modificacións da ordenanza:

Artigo	***Redacción actual***	***Redacción proposta***
28	***A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:*** *- Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,4722 €/ m³.* *- De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,5449 €/ m³.* *- Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,7264 €/ m³.* *Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.*	***A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:*** *- Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,4991 €/ m³.* *- De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,5760 €/ m³.* *- Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,7678 €/ m³.* *Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.* ***Incluír o relativo as acometidas e contadores que se prevén no artigo 28 da Ordenanza.***

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal segundo o ipc cuxo texto íntegro figura como anexo.

SEGUNDO*. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO. *Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.*

CUARTO. *Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL A DOMICILIO

Artigo 1.º *De conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais este Concello establece a taxa polo subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

***Artigo 2.º**. As concesións de auga faranse aos propietarios de fincas urbanas, aos arrendatarios ou a calquera usuario, sempre que estean autorizados para introducir a auga nos edificios que ocupan polos donos dos mesmos.*

***Artigo 3.º** As concesións faranse a título persoal, previo pago das tarifas vixentes.*

***Artigo 4.º**- Non se farán concesións gratuítas aos particulares, corporacións, institucións, organismos oficiais ou outros similares.*

***Artigo 5.º** A auga subministrarase mediante contador, que medirá en volumes a cantidade consumida, que será a que o abonado deba pagar segundo as taxas desta Ordenanza, partindo dun mínimo igual para tódolos usuarios.*

***Artigo 6.º** As concesións de auga serán para usos domésticos ou industriais, entendéndose por tales: bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo persoal e outras similares.*

***Artigo 7.º** As concesións de auga coa rede xeral serán autorizadas pola Xunta de Goberno Local, previa solicitude do interesado, e serán realizadas única e exclusivamente polo persoal encargado de dita xestión polo Concello.*

***Artigo 8.º** Desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede do abastecemento, a instalación farase polo Concello, sendo de conta do abonado o custo correspondente da instalación e conservación.*

***Artigo 9.º** O Concello, en evitación de abusos, poderá exercer unha vixilancia sobre tubaxes, aparatos de condución e media de auga. O persoal encargado do servizo de augas estará autorizado para entrar nas fincas e inspeccionar e practicar os recoñecementos que xulguen convenientes.*

***Artigo 10.º** Tódalas concesións faranse polo sistema de contador, podendo os abonados establecer no interior das súas fincas, despois do contador, o número de billas que consideren convenientes.*

***Artigo 11.º** O contador de auga será propiedade do abonado, convenientemente verificado pola Delegación de Industria da Provincia.*

***Artigo 12.º** En cada toma de auga instalarase unha chave de paso, que só poderán manexar os encargados do servizo. Os abonados faranse cargo dos gastos de conservación e reparación de dita chave. En caso de avaría na toma de auga, o Concello poderá ordenar o seu precintado de forma temporal.*

***Artigo 13.º** Os usuarios no poderán vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que sexa para dedicar ó mesmo uso para o que se ten concedida.*

***Artigo 14.º** As concesións de auga van unidas ás fincas que as desfrutan, non podendo, por tanto, transferirse dunha a outra, nin en parte nin na súa totalidade.*

***Artigo 15.º** Os abonos comezarán a contar desde o día no que empece a correr a auga pola tubaxe do abonado.*

***Artigo 16.º** O usuario poderá causar baixa cando o desexe, solicitando nas oficinas municipais a baixa correspondente, momento no que procederán os encargados do servizo a cortar o subministro.*

***Artigo 17.º** O abonado ou os seus herdeiros serán responsables do pago da cota. No caso de baixa, o pago terá efecto ata o primeiro día do mes seguinte.*

***Artigo 18.º** A tarifa da auga ten un mínimo mensual de consumo de dez metros cúbicos.*

***Artigo 19.º** No caso de avaría do contador, durante o tempo no que estea inutilizado calcularase o consumo en base ó gasto habido na mesma finca en igual época dos anos anteriores. Esta circunstancia notificarase ó abonado por escrito, dándolle un prazo de 15 días para solicitar o cambio de contador, e a substitución correrá por conta do abonado.*

***Artigo 20.º** Os abonados que alteren o funcionamento dos contadores para obter un maior volume de auga do que os aparatos sinalan, pagarán una multa de trinta euros, e ademais, o triplo da tarifa mensual a partir do día no que os empregados do servizo efectuaron o último control ata que se advertiu o fraude.*

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Artigo 21.º *A falta de pago do recibo trimestral leva consigo a suspensión automática do subministro de auga sen previo aviso ó usuario. Igualmente, suspenderase o servizo en caso de que fora negada a entrada no domicilio ó encargado das visitas de inspección oficial.*

Artigo 22.º *As solicitudes para conectar na rede xeral do abastecemento de auga potable dirixiranse á Alcaldía e pasarán á aprobación da Xunta de Goberno Local, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e peche de gabias, colocación de tubaxes arqueta para rexistro. Tódalas obras necesarias serán realizadas polos encargados do servizo de augas no seu caso.*

Artigo 23.º *Os recibos pagaranse trimestralmente de acordo coas indicacións do contador.*

Artigo 24.º *Os abonados serán responsables dos danos ou prexuízos que a existencia das tubaxes poida causar a terceiros.*

Artigo 25.º *Se o caudal das augas experimentara variacións por razóns climatolóxicas ou outras de forza maior, non darán dereito esta circunstancia aos abonados para que reclamen cantidade algunha a título de indemnización polos danos sufridos.*

Artigo 26.º *Cando o abonado observe variacións ou deficiencias no subministro, deberá dar conta con rapidez ao Concello ou ao servizo de augas.*

Artigo 27.º *Cando as circunstancias técnicas ou climatolóxicas así o impoñan, pola Alcaldía poderase cortar o subministro ou regular o seu uso de forma temporal.*

Artigo 28.º *A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:*

Tarifas do servizo de abastecemento

- *Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,4991 €/ m³*
- *De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,5760 €/ m³*
- *Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,7678 €/ m³*

Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.

Acometidas e contadores

1. ***Acometidas de abastecemento.***

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 metros de lonxitude máxima (1 a 5 metros).

MATERIAIS

- Ud. Collarín de toma.

- Ud. De enlaces.

-Tubería P.E.B.D. 1 a5 metros

- Ud. Chave da paso.

- Tapa de fundición de 15 x 25 cm.

OBRA CIVIL

1. *Ud. De arqueta para colocación de tapa de 15 x 25*
2. *1 a 5 m .l. de zanja (apertura, peche e reposición de pavimento).*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Fanse presos diferentes dependo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanxa. (materiais: 40 % + man de obra 60 %).

ACOMETIDA	TERRA (A)	ASFALTO (B)	BALDOSA-ACERA (C)
¾"	266,66	299,21	327,04
1"	283,34	321,63	341,31
1¼"-1½"	311,79	347,27	380,74
2"	343,61	377,43	412,57

Incremento do prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros.

ACOMETIDA MÁIS DE 5 METROS	¾"	1"	1¼"- 1½"	2"
(A) Incremento € x m.	11,97	13,95	19,96	33,42
(B) Incremento € x m	26,28	28,29	34,29	47,69
(C) Incremento € x m	31,54	33,56	39,47	52,95

2. Contadores

2.1 Instalación de contadores en batería ou similar

- Contador

- Válvula antiretorno

- Pezas conexión

- Prezo contador instalado.

- Contador de 15 mm 94,31 €/ud

- Contador de 20 mm. 110,07 €/ud

2.2 Instalación de contador de diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores farase presuposto previo.

2.3. Tarifas de contadores sen colocación

13/15 mm. 58,87 Euros/unidad

20 mm. 81,81 Euros/unidad

25 mm. 133,19 Euros/unidad

30 mm. 186,22 Euros/unidad

40 mm. 288,74 Euros/unidad

50 mm. 630,70 Euros/unidad

65 mm. 781,92 Euros/unidad

2.4. Desprecintado de contador

Por desprecintado de contador precintado por baixa voluntaria ou corte de subministro: 21,85 €/ud.

2.5. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores

Racores de contadores instalados por persoal alleo ao servizo de augas: 21,74 €/ud.

2.6. Prezo por comprobación de contador do abonado con contador patrón.

A petición do abonado: por comprobación da medición do contador

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

do abonado con contador patrón 21,63 €/ud.

As anteriores tarifas non inclúen o I.V.E.

Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.

***Disposición final.** Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

Tras o turno de intervencións amosando a súa conformidade a proposta tanto o Grupo Municipal do Partido Popular como o Grupo Municipal do BNG.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de proposta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

5 MOCIÓNS

5.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA.

Intervén Xoan Antón Louzao Rodríguez, BNG, facendo un breve resumo da moción presentada no Pleno do 9 de novembro de 2023, a cal contía o seguinte tenor literal:

"Reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de Impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recónllese máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer e ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos, como aconteceu nos últimos meses en Porriño, Monforte ou en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través de medidas como o incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM que permita non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

5. Acollerse, por parte do concello de Touro, ao Programa de subvencións a municipios e outras entidades locais para o finanzamento de persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero no ano 2024, da deputación da Coruña e proceder, con cargo a este programa, á contratación dunha persoa para a realización e dinamización de actividades que fomenten a igualdade no noso concello."

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de proposta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE PREVEDIÑOS.

Intervén Xoan Antón Louzao Rodríguez, BNG, remitíndose ao dito no anterior punto.

A moción presentada no citado Pleno do 9 de novembro de 2023 era a seguinte:

"Limpeza e acondicionamento do campo de fútbol de Prevediños.

Na parroquia de Prevediños, no lugar de Doade, a parcela que quedou para ser utilizada como campo de fútbol está a día de hoxe completamente abandonado e con maleza que fan imposible o seu uso para tal fin.

Además, este terreo está sendo utilizado como un vertedoiro dado que algúns veciños e veciñas verten alí refugallos de todo tipo como rodas, plásticos, vidro, etc.

Esta situación provoca que este terreo estea inutilizado e non poida ser usado como campo de fútbol tendo que usar fincas particulares como fixeron na festa parroquial o verán pasado.

Polo o exposto é polo que presentamos ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS.

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1. Que por parte do concello se proceda á limpeza de todos os residuos depositados na citada parcela, que se proceda á limpeza da maleza de mesma e se advirta da prohibición de tirar lixo na mesma.

2. Así mesmo que se proceda a un adecentamento para que poida ser usada como campo para practicar deporte por parte das veciñas e veciños da parroquial

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de proposta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.24 horas do 27 de novembro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b5dncFVfYQsUcRLAy/6z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/